

A VIAXE

Esta viaxe de Martiño era diferente, moi diferente a calquera outra das que puidera ter feito. Era a viaxe a esa terra da que tanto lle falara o seu avó. Segundo el, a terra que susurraba, aquela que podías sentir ma túa pel, envolvéndote e apreixándote cos seus encantos e coa súa maxia.

Martiño nunca puidera entender o que seu avó lle quería explicar. Non alcanzaba atinar aquela paixón por uns recordos de cativo. Moitas veces pensaba, que só era morriña, saudade da súa terra, esa terra, que por fame e miseria tivera que abandonar facía tanto tempo. Cos anos, Martiño podía describir minuciosamente aquela paisaxe, sen vela nunca na vida. Podía lembrar aquelas tardes de inverno cando avó e neto conversaban a carón do lume. Xusto, sempre remataba cos ollos cheos de bágoas. Nun principio Martiño, que era un cativo, sempre lle preguntaba:

-Avó, que che doe?

Xusto, perdía a mirada e contestaba:

-Martiño, dóeme o corazón.

-Avó, queres que merquemos unha menciña, na botica?

-Non Martiño, dóeme o corazón xa que o teño fendido en anaquiños.

-E non os poderíamos pegar, avó?

-Algún día Martiño, algún día ti faralo para min.

-E como hei de facer?

-O tempo dirache Martiño. Non fará falta co aprendas, o tempo dirache. Neses intres Martiño non entendía, tardou moitos anos en descifralo, pero puido chegar a facelo, e foi así, tal e como o seu avó lle dixera. O tempo, como se do mesmo vento se tratara, deixou ao descuberto o que el xa intuira dende moito atrás. O seu corazón podería recompoñerse só e cando volvera a súa terra, esa terra da que un día a fame e a miseria o botou.

Agora grazas a esta viaxe, Xusto podería deixar de padecer esa doenza que lle fora transformando a mirada ata deixala apagada, vacía, sempre a espera de algo que non se sabía ben o que.

Pero Martiño, sabía. Era sabedor da causa desa ollada perdida, ben coñecía o mal que padecía o seu avó. Esta viaxe sería o bálsamo, o remedio, o descanso, a cura definitiva a esa tristeza infinita que fora prendendo o seu corazón ata converterse no temón da súa vida nos últimos anos. E así como Xusto lle contara tantas e tantas veces, ao final da súa viaxe, Martiño puido vela, sentila, apalpala. A terra do seu avó era como sempre a imaxinara. Máxica, feiticeira, embruxadora, chea de encantos e misterios por desvelar. Agora entendía a soidade de Xusto.

Esas fragas na beira do río Eume, cheas de felgos que xa habitaban na terra hai millóns de anos. Eses carballos lonxevos, impoñendo a súa autoridade na paisaxe. Eses castiñeiros, ameneiros, salgueiros e cerqueiros, todos eles en perfecta harmonía servindo de refuxio a esas maxestuosas aves: o azor, o gabián, a curuxa, o falcón peregrino, o bufo real... Os reos e as troitas remontando o río dende a súa desembocadura. Os corzos, os raposos, as garduñas... Todo era vida ao seu redor, nunca tal vira.

Entón Martiño puido sentir o que sempre o seu avó lle dixera, o vento falándolle, susurrándolle, embruxándoo. Puido respirar por primeira vez na súa vida de maneira diferente, enchendo e baleirando os pulmóns con forza, sen apreixamentos nin ataduras. Todos e cada un dos seus sentidos pareceron espertar dun profundo letargo. Aquel arrecendo, aquela luz, dábanlle a Martiño una paz e unha tranquilidade, nunca sentida ata ese momento. A mestura daquelas tonalidades: verdes, marróns, amarelos, vermellos, facían daquel lugar un lugar perfecto para o descanso. O lugar donde calquera viaxeiro repoñería folgos para continuar a súa viaxe ou ben para deixar de viaxar.

Agora puido entender a morriña do seu avó por esa paraxe, puido comprender que seu avó ansiara rematar o seu andar na vida alí, entre aquelas impoñentes árbores. Alí, fora

donde el elexira rematar o seu camiño, naquel remanso de paz, os anaquiños do seu corazón poderían volverse a xuntar e por fin descansar.

Martiño buscou o lugar máis privilexiado da fraga, nun claro, á beira do río, e alí depositou as cinzas do seu querido Xusto, do seu adorable avó, aquel que lle falara con xustiza daquel máximo lugar.